

Pierre Frédéric Sarrus (Saint-Affrique, 1798-1861)



En 1815, Sarrus dubidaba entre estudar Medicina ou Matemáticas. O rexemento do alcalde a darlle un certificado de boa conduta, a causa das súas opinións bonapartistas e das súas orixes protestantes, obríganlle a optar pola Facultade de Ciencias.

En 1829 é nomeado profesor de Matemáticas da Facultade de Ciencias de Estrasburgo, da que é decano entre 1839 e 1852. Durante esta época publica a maioría dos sus traballoos no *Journal de mathématiques pures et appliquées de Liouville*.

Por problemas de saúde retírase en 1858.

Os seus traballoos tratan sobre os «métodos de resolución de ecuacións numéricas» e sobre o «cálculo de variacións».

En 1853 resolve un dos problemas máis complicados da mecánica das pezas articuladas: a transformación de movementos rectilíneos alternativos en movementos circulares uniformes.

Pero a súa celebridade entre o alumnado de Matemáticas explícase por unha regra de cálculo de determinantes de matrices de orde 3 que leva o seu nome: «a regra de Sarrus». Foi introducida no artigo «Nouvelles méthodes pour la résolution des équations», publicado en Estrasburgo en 1833.